

5 de xuño de 1967: Ocupación do resto de Palestina, os altos do Golán sirios e Sinaí egipcio

Isto significou a anexión ilegal de Xerusalén, a ocupación de todos os territorios palestinos, sometendo a toda a poboación ao mesmo réxime represivo existente dentro de Israel contra os “árabes israelís” e un novo éxodo masivo de refuxiados. Ademais, as principais reservas de auga da rexión quedaron en mans israelís, ao ser anexionadas as Alturas do Golán sirio.

Por outra banda, a ocupación tamén marcou o nacemento dos movementos de resistencia palestinos que operaban desde os campamentos de refuxiados fóra de Palestina.

Resolución 242: Adoptada polo Consello de Seguridade, o 22 de novembro 1967, seis meses logo da guerra, a resolución “esixe a instauración dunha paz xusta e perdurábel en Oriente Medio”, que pasa por “a retirada do exército israelí de todos os territorios ocupados durante o recente conflito” e o “respecto e recoñecemento da soberanía e a integridade territorial e a independencia política de cada Estado da rexión, e o seu dereito a vivir en paz no interior de fronteiras recoñecidas e seguras, ao abrigo de ameazas e actos de forza”.

Resolución 338: Adoptada polo Consello de Seguridade o 22 de outubro de 1973, durante a guerra entre Israel e Exipto, a resolución confirma a validez da resolución 242 e recomenda o alto ao lume e o inicio das negociacións en vista de: “instaurar unha paz xusta e duradeira no Oriente Medio”.

A invasión do Líbano en 1982 seguiu a unha serie de incursións e invasións no 1968, 1976, 1978 e 1981. Os plans de desmembramento do Líbano engadíanse agora ao obxectivo fundamental de dispersar aos habitantes palestinos do Líbano mediante a masacre seguida pola expulsión.

“O 6 de xuño de 1982, ás 5:30 da mañá, deu comezo a un intenso bombardeo aéreo. O bombardeo proseguiuse durante dez días e dez noites. Utilizaron bombas de racimo, incendiarias e de fósforo branco. Seguiron dez días de bombardeo por mar e aire. Logo os israelís levaron aplanadoras para derrubar o entullo que quedaba en pé. Cubriron os refuxios, enterrando viva á xente, mentres os seus familiares agarrábanse histéricos ás máquinas”.

Historia Oculta do Sionismo R. Shoenman

A masacre de Sabra e Shatila foi levada ao cabo despois de que a ONU declarase unha tregua entre as forzas belixerantes na guerra do Líbano. As forzas da OLP deixaron a zona e só quedaron os exércitos das falanxes libanesas e israelís. O 16 de setembro, a Falanxe Libanesa xunto ao exército de Israel, comandado por Ariel Sharon, comezaron unha masacre que até o día de hoxe o mundo enteiro recorda: en catro días, miles de civís palestinos dos campamentos de refuxiados de Sabra e de Shatila foron masacrados.

Primeira Intifada

A política represiva do estado de Israel contra a poboación civil Palestina, a sistemática violación dos dereitos fundamentais dos palestinos, en canto á confiscación de terreos e propiedades, a demolición de vivendas, a imposición de longos períodos de toque de queda, o que impedía a libre circulación, a detención de miles de activistas pacíficos e o incumprimento por parte de Israel das resolucións da comunidade internacional en canto á retirada dos territorios ocupados na guerra de 1967 e o establecemento dun Estado palestino, conduciu ao estourido da rebelión da poboación Palestina coñecida como a Intifada (levantamento popular) que foi o 7 de Decembro de 1987:

- Rebelión espontánea da sociedade civil palestina fronte á ocupación militar israelí.
- A primeira Intifada desenvolveuse desde fins de 1987 ata o comezo do proceso de Oslo.
- A intifada de 1987 significou o fortalecemento das organizacións sociais palestinas e o debilitamento económico e político de Israel.

Logo da invasión de 1967, violando toda legalidad internacional, o Estado de Israel comezou a colonización de Cisjordania e Gaza, construíndo e ampliando colonias exclusivas para xudeus nos territorios ocupados. Dende esa data e até agora, o Estado de Israel ten unha política de incentivos para que os israelís vaian habitar os asentamentos. Estes incentivos poden ser subsidios en vivenda, exención de impostos a empresarios ou bonos de locomoción a profesionais.

O 15 de novembro de 1988 na Reunión do Consello Nacional Palestino , a OLP (Organización Para a Liberación de Palestina) reconece a Israel, por medio de aceptar a solución de dous estados en Palestina, tal como as resolucións de Nacións Unidas estipulan. A difícil situación internacional e económica de Israel produto da Intifada, foi suficiente presión para que logo de 40 anos de ignorar aos palestinos, o seu goberno sentase a negociar cos líderes da OLP.

30 de outubro de 1991 Esta conferencia tivo lugar oito meses logo da Guerra do Golfo de 1991. Patrocinada polos EUA e Rusia coa presenza dos principais dirixentes dos países árabes, os líderes palestinos dos territorios ocupados (a OLP non estaba representada oficialmente) e o primeiro ministro israelí Yitzhak Shamir. Os representantes palestinos estiveron presentantes formando parte da Delegación xordana. Malia que os representantes palestinos non eran membros formais da OLP, era esta a que conducía aos representantes palestinos. Esta conferencia estableceu as bases, as condicións e o calendario para as futuras negociacións (bilaterais e multilaterais), e inaugurou o principio de "paz por territorios".

Como consecuencia da conferencia de Madrid, as conversacións establecéronse de dúas formas: un conxunto de conversacións bilaterais (conversas directas entre os países afectados, é dicir, Israel-Siria, Israel-Líbano, Israel-Delegación xordano-palestina) e un grupo de traballo multilateral, para o control de armamento e seguridade rexional, desenvolvemento económico rexional, auga, medioambiente e refuxiados.

Uns dos elementos negativos que se poden extraer da conferencia de Madrid foi o feito de que o esquema da negociación e de todo o proceso pactácese sen a participación e supervisión internacional das Nacións Unidas. Este papel foi atribuído exclusivamente aos Estados Unidos de América.

Así pois, o proceso de paz naceu sen o marco legal de referencia do conflito, é dicir, o conxunto de resolucións das Nacións Unidas. As resolucións 242 e 338 do Consello de Seguridade tomáronse como punto de partida e non como un mínimo incuestionable a cumprir por ambas partes. A ausencia de Nacións Unidas no proceso deixou as negociacións en mans da correlación de forzas das partes, extremadamente desiguais. Este feito determinará a dinámica do proceso de paz.